

ESPACIOS SOCIOCULTURAIS SUPRAMUNICIPAIS: A CREACIÓN DUN PÚBLICO TEATRAL EN MOAÑA E CANGAS

Manuel P. Rúa

Técnico de Cultura do Concello de Moaña

CONTEXTO

Poderíamos situar en 1959 o comezo do máis grande cambio social, económico e cultural realizado no noso país. Se exceptuamos o breve intervalo da II República, poderíamos dicir que o comezo real dos efectos da modernidade para amplas masas de poboación ten lugar nesta segunda metade do século.

Ó socairo do crecemento económico, da reconstrucción europea e do Plan Marshall, a economía está en plena autarquía, co fordismo e o taylorismo nas grandes fábricas, o sector naval experimenta un pulo decisivo coa descuberta de novos caladoiros que, pola súa vez, son unha nova fonte de riqueza para a artesanal economía mariñeira. Se lle sumamos o dobre efecto das remesas monetarias da última emigración, sobre todo europea, e o incipiente sector servicios do turismo de masas que comeza tamén neses anos, teremos trazadas as liñas de ruptura cun pasado de agricultura, pesca, posguerra e fame.

O transvasamento rural-urbano e as altísimas taxas demográficas son as características máis salientables en canto a indicadores sociais que determinarán que as cidades e vilas acaben por rachar as costuras e se incorporen forzadamente a dinámicas urbanas descoñecidas.

A pesar de que a situación política seguía sendo socioculturalmente de censura e nacionalcatolicismo, comézanse a producir fendas por onde se instalarán os novos movementos emerxentes. Un deles, o sindicalismo, permítelles ós traballadores coñecer unha situación democrática nas fábricas, as elección sindicais, dentro dunha situación política de dictadura, e os grupos políticos, instalados na clandestinidade, comezan tamén neses anos a tecer importantes redes de apoio na poboación.

Os máis significados líderes destes movementos comezan a estar presentes na sociedade, en novas ou vellas plataformas polas que principian a vehicularse ideas e actividades tendentes á difusión da democracia e da liberdade en idioma galego, e así os ateneos, liceos, teleclubs, casinos, asociacións parroquiais, etc., ademais das novas asociacións promovidas ó abeiro da permisividade legal, pasan a ter unha importancia crucial para entender o que estaba a pasar e o que pasaría nos anos seguintes.

Hai unha hiperactividade nestes centros culturais que non se coñecía e a xente comeza a acudir a conferencias, recitais poéticos, exposicións, etc. O teatro, moi minguado e reprimido durante a dictadura, está nestes anos nos grupos parroquiais afeccionados e tamén no chamado teatro-fórum, un xeito de expresión considerado acorde coas pretensións intelectuais da nova clase media emerxente, ávida de coñecer e participar en calquera actividade cultural.

O PÚBLICO

Cangas e Moaña vanse conformando neste último tercio do século XX como dúas comunidades cunhas características homologables en canto á historia recente, economía e sociedade. Integradas no espacio socioeconómico vigués -imán de atracción nesos anos-, están interrelacionadas nesta dinámica que estamos a comentar, ata o punto de que comeza a haber unha cada vez maior circulación de persoas entre os dous concellos, o que determina que, para os efectos de público cultural, se produzan intercambios con cada vez máis fluidez, intensidade e frecuencia.

A extraordinariamente fecunda actividade sociocultural desta área supramunicipal durante os últimos anos do franquismo e na primeira transición débelle moito a estes factores que estamos a comentar. O asociacionismo cultural que floreceu na transición democrática, notable no caso deste espacio cultural común, é fillo daquel *baby-boom* da natalidade dos anos 1960, e segue a ampliar o espacio cultural en canto a actividade cultural, participación e retroalimentación. En progresión xeométrica avanza as asociacións, as novas actividades culturais e a recuperación doutras perdidas como o entroido, a inclusión dos centros escolares de recente creación como outros tantos focos de creación e reciclaxe de

actividade cultural: son os anos da música do folclore popular, dos deportes patrimoniais, da difusión do libro e tamén da creación dos primeiros grupos de teatro con certa estabilidade.

Estamos a referirnos a un espacio sociopolítico de características excepcionais en toda Galicia, como despois se vería na inmediata transición e nas primeiras eleccións democráticas. Este espacio supramunicipal ten suficientes factores para un pormenorizado estudio de caso dentro do que foi a evolución sociocultural e política de Galicia durante o tránsito entre os anos 1960-1980. Era unha singularidade, un ferreiroiro das novas ideas e actividades socioculturais e políticas que avanzaban pola man.

O teatro é un dos indicadores da actividade sociocultural. Esquecido e relegado a espacios marxinais, sen traxectoria histórica no caso do teatro en galego, ten que partir aquí de cero e crear o seu público, pero xa comezan a ser habituais, tanto en Moaña como en Cangas, os nomes dos grupos históricos do teatro galego: Candea, Artello..., e tamén grupos de actores de Cangas e Moaña que hoxe son parte do catálogo teatral do país.

Esta aposta polo teatro prodúcese, tanto en Moaña como en Cangas, no campo do asociacionismo cultural que comezara a incentivar o incipiente movemento político que se conforma durante estes anos. Aproveitando os espacios escénicos dos vellos cines, as asociacións inclúen actividades teatrais que son novidasas para o público posto que o teatro oficial que se representara no franquismo non deixaba de ser sainete, zarzuela e bolos sobrantes da carteleira madrileña. O teatro pasa a formar parte tamén da programación cultural paralela das festas patronais e outros eventos populares porque xa se fora labrando, neste tempo que estamos a analizar, un espacio e unha demanda.

O teatro vehiculiza, como outras actividades culturais de finais do franquismo e comezo da transición, discursos, símbolos e signos prohibidos, outras lecturas da realidade social, demandadas por esta sociedade que estaba a nacer entre un réxime dictatorial que desaparecía e outro democrático en que se depositaran as esperanzas de modernización e cambio social.

Esta actividade teatral primeira, case sen máis recursos que o voluntarismo, increméntase nun chouto cualitativo coa situación

de transición política e despois coa democracia xa consolidada e a nova autonomía de Galicia, coa creación de ofertas como a que se ten dado nalgunhas edicións do Festival Intercéltico do Morrazo, en Moaña, e, sobre todo, o monográfico teatral máis importante nestes anos, o Festival de Teatro Cómico e Festivo de Cangas. Daquela poderíamos dicir que o mundo do teatro xa acadou maioría de idade e as institucións públicas comezaban a subvencionalo ou patrocinalo, outra importante etapa, non exenta de conflitos, pero que permitiu multiplicar unha afección que aínda hoxe é moi minoritaria na maior parte de Galicia.

Para o teatro nesta zona do Morrazo, aqueles anos significaron atravesar a fronteira entre unha actividade inédita e marxinal a outra emerxente e, por veces, mesmo de masas, existiu unha xeración socializada nunha actividade sociocultural e deportiva en que o teatro tivo lugar importante, que vai acadando nivel escénico e participativo e, sobre todo, que vai normalizando unha oferta e unhas citas anuais estables.

DATOS 1984-2000

CANGAS

Na cidade de Cangas o teatro é hoxe unha oferta compartida entre a institución pública local e a Asociación Cultural Xiria.

A actividade teatral, en canto a espectáculos organizados polo Concello entre 1995-2000, ten a dificultade histórica da carencia de auditorio e a limitación de capacidade da Casa da Cultura, pero con todo rexistra a organización entre 4 e 6 espectáculos por semestre, cunha media de 100 persoas por sesión, ademais de actividades de teatro afeccionado, escolar e infantil.

SEMANA DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO (ASOCIACIÓN CULTURAL XIRIA)

| Ano | Lugar | Nº. espectáculos | Asistencia | Media |
|----------|---------------|------------------|------------|-------|
| 1984-5-6 | Cine Avenida | 7 | 4200 | 600 |
| 1987-8 | Cine Calvar | 7 | 4900 | 700 |
| 1989-96 | Cine Galaxias | 7 | 2600 | 370 |
| 1997-99 | Carpa maxia | 8 | 4800 | 600 |
| 2000 | IES Rodeira | 5 | 4000 | 800 |

O prezo destes espectáculos oscila entre 500/600 ptas., os descontos para os socios da A.C. Xiria son do 50%, o número de socios que utiliza esta opción oscila entre 90/120 persoas por espectáculo.

Utilízanse durante esta semana outros espazos para espectáculos alternativos e/ou infantís como a Casa da Cultura, Escola de música e bares.

Os abonos de prezo reducido, utilizados nas primeiras edicións, retiráronse ante os problemas de capacidade dos cines.

A data tradicional de celebración é no remate do verán, en setembro.

MOAÑA: 1988-2000

A actividade da que dispoñemos de datos é organizada polo Departamento de Cultura do Concello e realízase nunha primeira fase no auditorio do centro sociocultural Daniel Castelao, por problemas de capacidade cámbiase nunha segunda fase ó cine Veiga.

| Ano | Lugar | Nº. espectáculos | Asistencia | Media |
|------|-----------------|------------------|------------|-------|
| 1988 | Daniel Castelao | 5 | | 150 |
| 1989 | " | 8 | | 150 |
| 1990 | " | 7 (+6*) | | 150 |
| 1991 | " | 6 | | 150 |
| 1992 | " | 7 | | 150 |
| 1993 | " | 6 | 683 | 114 |
| 1994 | Cine Veiga | 11 | 1105 | 100 |
| 1995 | " | 9 | 1394 | 155 |
| 1996 | " | 8 | 1659 | 207 |
| 1997 | " | 7 | 1244 | 178 |
| 1998 | " | 6 | 1773 | 296 |
| 1999 | " | 6 | 1363 | 227 |
| 2000 | " | 7 | 1749 | 250 |

* 6 espectáculos de monicreques

O prezo das entradas é de 500 ptas., existe un desconto importante para parados, membros de asociacións e estudantes.

A programación inclúe todo tipo de espectáculos e apósta-se por ofrecer propostas sen concesións ou comercialidade no medio de programas para todos os públicos.

É un ciclo de sábados pola noite no outono, os circuítos teatrais, que, despois dunha serie de anos, forma parte da oferta cultural anual estable, o que axuda a crear un público e unha demanda.

O tipo de público asistente foi cambiando durante estes anos. Cando falabamos dos primeiros anos da transición política era maioritariamente novo, cun perfil tipo do que se chamou no seu día "progresía": mozos e adultos con certa formación cultural e política. A medida que o ciclo se vai estabilizando e a actividade teatral conta xa con grupos de teatro estable, profesionais e afeccionados, o grupo de teatro da asociación de mulleres, que significou un punto de inflexión moi importante como actividade emerxente nos anos 90, a creación dun café-teatro na localidade con programación de actividade estable, a irrupción dos contacontos, a animación á lectura con actividade teatral ou parateatral, etc., contribúe a retroalimentar un circuíto que inclúe novos públicos e segue apoiándose neste espacio intermunicipal de Moaña, Cangas e tamén Bueu.

O máis significativo, ademais da incorporación de novo público mozo, é a inclusión dun segmento de público procedente de clases medias e mediana idade que asiste regularmente a estes espectáculos.

A CREACIÓN DUN ESPACIO SUPRAMUNICIPAL

Durante este tempo que estamos a comentar foise asentando a situación democrática e a política cultural das institucións públicas. Foron medrando as achegas para axuda ó teatro, naceron institucións como a Dirección Xeral de Cultura, o IGAEM, o Centro Dramático Galego, etc.

Pola súa banda, os concellos comezaron a programar dun xeito, se non habitual na maior parte de Galicia, si importante nun número de administracións locais que constitúen hoxe a principal rede de exhibición e creación de teatro en Galicia.

As infraestructuras e a política de equipamentos revelouose crucial neste tempo. Todo un labor de apoio e creación de público

teatral pódese vir abaixo por mor de non ter escenario axeitado onde representar os espectáculos. Pódese ver, tanto no caso de Cangas como no de Moaña, as dificultades que produce a itinerancia: a asociación cultural Xiria chegou a utilizar, en 16 anos de programación, 5 escenarios distintos, cines que desaparecen, auditorios sen condicións, carpas sen acústica, etc.

Cangas dispón hoxe, en parte determinante gracias á presión dos grupos, asociacións e público do teatro, dun auditorio municipal que resolve o problema escénico para moitos anos; o caso de Moaña é totalmente distinto e, despois de desprazar os espectáculos do pequeno auditorio do centro sociocultural Daniel Castelao (168 localidades) ó cine Veiga, o incremento de público foi significativo. Desaparecido, como todos os cines da súa xeración, hoxe o futuro do teatro en Moaña pasa por un novo auditorio e, mentres, pola precariedade.

Cangas e Moaña conforman hoxe o lugar teatral máis importante de toda Galicia se se aplica calquera ratio que relacione habitantes/espectadores. Cremos que foi posible por varios dos factores que se acababan de citar, o que nos fai ter esperanza en que estamos a asistir ó nacemento dunha nova cultura urbana, que ten un asentamento espacial difuso, é dicir, que non existe un público de Cangas e outro de Moaña senón un público teatral do norte da ría ou do sur do Morrazo, incluso con achegas doutros concellos próximos como Bueu.

Parte deste público desprázase habitualmente a outro tipo de ofertas culturais a Vigo, caso do cine, música, tamén teatro e ultimamente ó circuío de grandes exposicións propiciadas pola renovada oferta, en canto a programación e a contedores culturais, dunha cidade de Vigo que acaba de abrir o Museo do Mar de Galicia e o Museo de Arte Contemporánea ademais do novo centro social de Caixanova.

Pese a que hai quen aposta por modelos culturais e sociopolíticos radicados nas localidades segundo o modelo administrativo dos concellos, a realidade sociocultural en canto a consumidores amosa que hai unha circulación e uns circuítos metropolitanos que incrementan a percepción de que a sostibilidade do mode-

lo territorial e sociocultural para Galicia ten que pasar por borrar as raías que nos enfeudan e pechan con ferrollo cada *locus*.

A posibilidade das comunicacións terrestres que rodean territorios asentados arredor das isócronas de 30 minutos, a interrelación económica, comercial, institucional, educativa, universitaria, sanitaria, etc., xunto coa oferta cultural, está a amosarnos que sendo aparentemente os mesmos cidadáns, dos mesmos concellos, hoxe existen menos diferencias entre un cidadán de Bueu e outro de Vigo porque cada vez teñen máis posibilidades de formarse, informarse ou gozar do lecer dun xeito complementario.

A ponte de Rande, que naceu no imaxinario colectivo como un signo do agravio e unha ofensa para Galicia, é hoxe unha batalla por abolir unha peaxe que se percibe como a última "oficina de consumo" para integrar dous territorios comúns a través das relacións normais do día a día. Se entre Moaña e Cangas non hai diferenza senón suma de públicos teatrais, Rande é a metáfora da ponte tendida entre as dúas bandas da ría que nos leva a novos espazos públicos para a modernidade ou a posmodernidade cultural, por onde poidan circular libremente novos públicos, dende a vella parroquia ó novo espazo metropolitano.

A historia da Galicia democrática e autonómica está inzada de exemplos de parcelamento e fragmentación territorial, o número de concellos non deixou de medrar en contra de calquera criterio de racional sustentabilidade. Non houbo experiencias de agrupamento territorial senón de dinámicas centrífugas como o caso da Illa de Arousa, Cariño, Cervo...

O exemplo que comentamos vén a dicir que hai factores socioculturais -neste caso público circulante- que conforman outras sociedades e outras percepcións de novos territorios culturais ou espazos intersticiais que acaban sendo realidade nas súas consecuencias prácticas. A circulación social entre as dúas administracións locais de Moaña e Cangas, nadas da división administrativa liberal de 1836, amosa que as divisións administrativas e territoriais actuais son un corsé para as respectivas poboacións que, pola forza da dinámica sociocultural, están a rachar as costuras.